

REINO DE GALIZA

Francisco Carballo. Historiador.

Como é posíbel que o enunciado "Reino de Galiza" sorprenda? Un reino de Galiza de máis de mil anos de duración, que se relacionou cos reinos e imperios de Europa, co musulmán do Al Andalus, Norte de África e Próximo Oriente e que aparece en milleiros de documentos da Monarquía sueva, da cristiá medieval e Monarquía católica ata 1833?. Eis un fenómeno de ocultamento interesado da historia oficial e escolar de España.

A realidade de Galiza, desde o s. XII, atrapa-da entre dous reinos, o castelán e o portugués, e as dúbidas sociais e políticas das súas clases dominan-tes na opción por un ou outro destes veciños, aclara algo a insistencia dos intelectuais e dos polí-

ticos españois por agacharnos a liosa historia real.

Imos recorrer, á voos de paxaro, o acontecer his-tórico do Reino de Galicia nas seguintes etapas:

- Reino suevo-galaico da Gallaecia, s. V a VII.
- Reino galaico altomedieval da Galecia, s. VIII a XI.
- Reino galego medieval, s. XII a XV.
- Reino galego moderno, s. XVI a XIX.
- Epílogo autonómico.

REINO SUEVO-GALAICO

Cando os "suevos", un pequeno pobo de Europa central, se establecen na Gallaecia co reco-ñecemento do Imperio Romano de Occidente, a partir do 419, toda a Gallaecia romana e parte da Lusitania conformaron un reino, o 1º dos "bárba-ros" que se asentaron dentro do "limes" romano.



A mediados do s. VI, este reino suevo-galaico compite cos reinos dos godos, francos e lombardos. Os concilios de Braga, capital do reino, do 561 e do 572, trazaron a rede de dióceses católicas, subliñando a importancia de Braga, Lugo e Astorga cabezas no I. Romano dos "conventus xurídici". O Rei Miro e o bispo de Braga, San Martiño de Dume, figuran como determinantes desde esplendor. O reino, no s. VI, estabilizara a economía, desenvolvera a cultura e mantera co Imperio Bizantino e co reino dos Francos boas relacións.



Rei Miro e Martin de Dumio

O reino suevogalaico posterior sofre dificultades internas na sucesión á Miro que dan a oportunidade a Leovixildo, rei godo de Toledo, a intervir e reducir á subordinación a este reino, 585. Esta situación de reino submisu dura ata a invasión islámica de principios do s. VIII.

O REINO DE GALIZA ALTO MEDIEVAL.

Ao desaparecer no 711 a monarquía visigoda do rei don Rodrigo, non todo o reino godo se someteu ao emirato (e posterior califato) de Córdoba. A Gallaecia só soportou razias islámicas e perdas territoriais, mais como tal Gallaecia ficou libre. A maior razia de penetración na Gallaecia deuse con Almanzor, á finais do s. X. Mentres, quen gobernaba este territorio?. Igual que no Al Andalus había "señores" que gobernaban con alta autoridade grandes territorios patrimoniais e pactaban cos califas, aquí había príncipes ou pequenos reis (reiciños, "reyezuelos" de facto independentes.

Crónicas posteriores ao s. VIII recollen o nome de Paio en Asturias e doutros persoeiros (príncipes, condes) da Gallaecia. Afonso II (O Casto), 791-842, educado no mosteiro de Samos (Lugo), aparece como rei grazas aos carolinxios e a que domina un territorio patrimonial notábel centrado en Oviedo. Aportaron forza a tal recoñecemento a "inventio" (descobremento) do sepulcro de Santiago en Compostela é a polémica adopcionista. Esta afastou de Toledo aos cristiáns da Gallaecia.



Afonso II

Os sucesores de Afonso II, con corte rexia en Oviedo ou en León, lograron lentamente articular as súas posesións na Gallaecia asturicense con territorios na Gallaecia lucense e bracarense. Tanto en Córdoba como no Imperio carolinxio eran vistos como soberanos da Gallaecia.

A situación deste reino difire do "suevogalaico". Este tiña por centro a Braga, o galego altomedieval esforzouse por vitalizar o triángulo: Oviedo-Compostela-León. Para iso mellorou as comunicacións León a Oviedo e duplicou o camiño francés a Santiago cunha desviación León-Oviedo-Santiago. A patencia deste surxemento está nas construcións arquitectónicas, na reanimación económica e na defensa do territorio contra o Islám e os viquingos. Unha arte prerrománica desde Oviedo a Mondoñedo e Compostela evidénciao. Santiago de Compostela, ao igual que Oviedo, nacen como cidades e León recupérase da total postración. San Rosendo de Celanova protagonizou as relacións relixiosas e políticas do s. X.

REINO GALEGO MEDIEVAL

O século XI é de recuperación en toda a Europa atlántica, nunha Europa feudal. Sancho III de Nafarroa, no 1029, diríxese a Vermudo III "imperator in Gallecia". Asturias non foi nunca reino, nin León antes da división a vir de Fernando I. De Paio a Vermudo III eran reis da Galicia, non de León, nin de Asturias. Tanto o "neogoticismo" a derivar dos godos o inexistente reino asturián, como a ideoloxía españolista que inventa unha España desde os visigodos, Covadonga etc. ata os Borbóns, son pura fantasía.



Vermudo III

No s. XI, Fernando I adveu rei da Galicia (1037-1065) por matrimonio con dona Sancha, herdeira de Vermudo III. Fernando e Sancha honraron a memoria de Vermudo III inaugurando o panteón real de León. O rei Fernando falece no 1065; desde 1063 estaba a definirse a sucesión dos tres fillos, García, Afonso e Sancho e dúas fillas, Urraca e Elvira. As dúas tendencias, a dun só reino e a feudal, propiciaron a división inestábel de Castela para Sancho, León para Afonso e Galiza para García. Este apenas reina, 1068-1072, tal vez polos propios erros e pola oposición da nobreza sureña de Porto. Mais lentamente fanse normais os tres territorios reais: Castela, León (con Asturias) e Galiza (co norte de Portugal ata que este se independiza). Comezan a emitirse documentos reais de García como rei de Galiza, de Afonso igualmente etc. Urraca I -a filla de Afonso VI- volta a aparecer como "inperatrix Gallecie". O fillo desta, Afonso VII (rei de Galiza, 1111-1126- e León-Castela, 1135-1157, insiste no

título de imperator. Era o poder da Gallaecia fronte a Hispania musulmá. En seguida os reis, con Toledo e a vista na Bética, asumen a suplantación desa hispania musulmá por outra cristiá.



Afonso VII

Definitivamente, a Galicia da nacemento aos catro reinos, Galicia (Galiza), León, Castela e Portugal e, seguidamente, reaparece a Hispania cristiá ao desfacerse do Islam.

O período dourado do duplo reino de Galicia e de León (sen Castela, nin Portugal) corresponde aos reinados de Fernando II e do seu sucesor Afonso VIII (1188-1230): arte románica; primeiros cancioneros, organización urbana do camiño xacobeo e da costa galega. Se Compostela centra os aspectos relixiosos e culturais, o idioma galego domina en todo o territorio da anterior Galicia desde os reis aos labregos. Este fulgor idiomático dura ata finais do s. XV.



Fernando II

O REINO DE GALIZA MEDIEVAL NA BAIXA IDADE MEDIA.

No 1230 hereda os reinos de Galiza, León e Castela o rei Fernando III. A formación social destes reinos e da parte a ampliar polo sur daba o poder político á nobreza militar con monarcas a desprazar aos "taifas e outras formarcións musulmáns". Así desde 1230 a 1492.

O reino de Galiza padece a basculación das empresas reais cara ao sur. Mentres as cidades da costa crecen no comercio atlántico, a nobreza galega entra en crise económica. Intenta manter o status en competencia co clero monacal e episcopal, ben situado en posesións e nas relacións coa Monarquía.

Desde finais do s. XIII e no XIV, sectores sociais de Galiza acusan tendencias a máis alianza con Portugal e distanciamento de Castela. No 1296 ten aceptación como rei de Galiza Xoán (fillo de Afonso X) apoiado pola alta nobreza galega. Foron cinco anos de inestabilidade ata a renuncia de Xoán e a súa reconciliación con Fernando IV. En compensación é designado "Adiantado" deste Reino, 1307-1327, o infante Filipe.



Selo rodado de Pedro I

O apoio a ese tipo de goberno cuasi independente era dos concellos. Concellos e parte da nobreza ven en Pedro I a un político favorábel. Este adoptou unha política violenta contra certa nobreza. Asasinado no 1369, Fernando I de Portugal,

reclamado por sectores galegos, intenta facerse co Reino de Galiza, mais desiste no 1371. Este fracaso trouxo graves consecuencias: unha nobreza advenediza con Henrique II de Trastámara á caza de posesións, desatención á costa e aos núcleos mercantís, desgobierno e inseguridade. Houbo unha nova tentativa no ano 1366-1368 dirixida polo inglés Xoán de Gante, esposo de Constanza, filla de Pedro, para situarse na Galiza.

Asistimos a unha decandencia do reino de Galiza nos ss. XIV-XV. Moitas son as causas, unha delas a política oligárquica da Monarquía castelá. O colofón de todo foron as "guerras irmandiñas".

O REINO DE GALIZA NA ÉPOCA MODERNA

A 2ª guerra irmandiña (1466-1469), a sucesión á Henrique IV (1474) e a apertura da navegación atlántica de gran altura (1492), dan ao último cuarto do s. XV unha significación histórica nova para Galiza. A Monarquía Absoluta dos Reis católicos e dos Austrias centralizan o comercio atlántico, extraverten o tesouro real na política de hexemonía europea e o reino de Galiza amortece.

Parte do reino optara por dona Xoana, filla do rei Henrique, e casada co de Portugal para raíña de Galiza. Outra fixérao por Isabel, irmá de Henrique IV. A guerra foi longa e a vitoria de Isabel I definitiva. De 1476 a 1486, os Reis, Isabel e Fernando, envían gobernadores a Galiza, correxidores a algunhas cidades; no 1480 comezan a organización dunha Audiencia a presidir por un visorrei ou gobernador.

O reino de Galiza é tratado con suspicacia. A Audiencia é unha alta instancia política subordinada ao Consello de Castela. Igual subordinación se impón a mosteiros a depender de congregacións castelás. Os bispos son enviados, en xeral, do exterior do Reino e máis os gobernadores e funcionarios da Audiencia. O reino de Galiza subsiste nas "xurisdicións" señoriais que cubren todo o territorio, a Audiencia e os "reguengos" acreditan o poder real.

Temos constancia, desde 1500, dunha Xunta do Reino de Galiza, configurada polos represen-



tantes das sete cidades, como instancia fiscal e de consulta real. Tanto a nobreza galega como a esa Xunta do Reino defenden a igualdade política do Reino v.g, a ter representación en cortes que, finalmente, se recupera no 1623.

Nesta época. Moderna -ss. XVI a XVIII- O Reino pasa de ser visto coa suspicacia á confianza real de Carlos V; cos Borbóns é ollado con simpatía e dotado de "intendentes", 1711-1712. Os mosteiros galegos do Císter e bieitos loitaron, co apoio dos cabidos, ata conseguir igualdade de dereitos aos dos leoneses e casteláns, conseguíndoo grazas á bulas papais tripartita e cuatrimpartita (1ª metade do s. XVIII).

Desde dous niveis vitais sufriu discriminación o Reino de Galiza nesta Idade Moderna: desde o económico ante o monopolio comercial con América de Sevilla-Cádiz e a deficiente defensa costeira contra a piratería e os contrataques anglo-franceses. Maior aínda a represión cultural ao impoñer o castelán no uso escolar e funcional tanto civil como eclesiástico. Así a documentación notarial debía someterse ás disposicións da chancelería de Valladolid. No tempo de Carlos III, se ben a imposición cultural creceu, a económica desaparece grazas á liberdade comercial.

Dentro destes "tempos escuros" o reino mantiño funcións propias; a súa representación estaba na

Xunta do Reino que exhibía todo o boato anual na ofrenda sacramental en Lugo. Os representantes deste Reino esixían o pacto implícito coa monarquía sen supeditación ás institucións de Castela. Así o fixeron constar nas Cortes de Cádiz, 1812, os deputados galegos.

O EPÍLOGO AUTONÓMICO

No 1833 desarticúlase o Antigo Réxime político da Monarquía católica. Desaparecen os reinos e aparecen as

provincias. Galiza, dividida en catro provincias, resiste: defende a súa identidade histórica. Xurxen os movementos reivindicativos do "provincialismo", 1846, "rexionalismo" e "nacionalismo", 1916. O primeiro quería unha Galiza provincia única; o segundo que a rexión tivese determinacións económicas e culturais; o terceiro que Galiza tivese poder económico, cultural e político. No 1936, na II República, Galiza obtivo a autonomía -28/06/36-, por plebiscito.

A terrible experiencia ditatorial de 1936-1975, afogou a liberdade galega. Coa Reforma política, 1977, e a Constitución de 1978, recuperamos os dereitos autonómicos do 1936, unha autonomía outorgada 1981, e un novo Estatuto que está en vigor. Recoñece a Galiza como comunidade autónoma no estado español. A Galiza actual ten parlamento, Xunta de Goberno con presidente e lei de normalización lingüística. O galego é nosa lingua propia. Son signos de identidade que mantén a memoria do Reino e constrúen nación.

O reino de Galiza foi a visibilización deste país por séculos. Di, a súa maneira, que Galiza é unha entidade cultural e histórica de seu. A iso responde hoxe o concepto de nación.